

A/A: CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

D. Lucía Trenor López, con DNI
Secretaria Xeral da Federación de
Servizos de Galicia de CCOO, con sede en Avda. Alfonso Molina Km.2 4 planta, e con correo
electrónico ltrenor@servicios.ccoo.es a esta Consellería diríxese e DI:

Que desde a publicación do Real Decreto Lei 8/2020 e co fin de fazer fronte á situación
xerada pola declaración do estado de alarma consecuencia da alerta sanitaria derivada do
COVID-19, temos coñecemento de que esta Consellería, a través da Secretaría Xeral de
Emprego, recibiu preto de 33000 solicitudes de procedementos de expedientes de regulación
de emprego temporais, a maior parte deles sustentados na concorrencia de causas de forza
maior.

Que como ben coñece esta Consellería, nos procedementos de Expedientes de
Regulación de Emprego Temporais derivados de forza maior, non é preciso formar unha
comisión negociadora coa representación legal das persoas traballadoras na empresa afectada
nin, en ausencia desta, cos sindicatos que teñan a condición de máis representativos ou
representativos no sector a que pertenza a mesma.

Que polo anterior, este sindicato solicitou a esta Consellería que proporcionase datos
concretos das empresas que na comunidade autónoma de Galicia solicitaran, estén a solicitar
a iniciación e tramitación ou estén xa aplicando estes Expedientes de Regulación de Emprego
derivados de forza maior, e tamén dos derivados por concorrencia de causas económicas,
técnicas, organizativas ou de producción, todos eles derivados da situación de estado de alarma
ocasionado pola alerta sanitaria do COVID-19.

Que esta solicitude non está sendo atendida, limitándose esta Consellería a
proporcionar un listado indicando o número de ERTEs que se están a tramitar por provincia,
pero sen indicar a empresa solicitante, o número de persoal afectado, nin as causas sobre as
que se sustenta cada un dos expedientes.

Que consecuencia do anterior, esta Federación non está podendo exercer o labor de vixilancia e control derivada da acción sindical que, en aplicación do previsto no artigo 28 da Constitución Española e no artigo segundo, apartado 2, d), da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, ten atribuída e que constitúe un dereito fundamental susceptible de amparo constitucional.

Polo anterior, SOLICITA DESTA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA que, tendo por presentado este escrito, o admita e en virtude do mesmo, teña por formulada a presente solicitude de datos concretos das empresas, e un listado cos CNAE, que na Comunidade Autónoma de Galicia están solicitando a iniciación, están tramitando ou están xa aplicando Expedientes de Regulación de Emprego derivados de forza maior e os derivados por concorrencia de causas económicas, técnicas, organizativas ou de producción, todos eles derivados da situación de estado de alarma ocasionado pola alerta sanitaria do COVID-19 e, tralos trámites legais oportunos, acorde o máis axiña posible trasladar a anterior información de xeito pormenorizado, a fin de permitir a esta Organización a realización dos labores de control e vixilancia que lle son recoñecidas constitucionalmente.

A Coruña, a 20 de abril de 2020.

Asdo.: Lucía Trenor López
Secretaria Xeral
CCOO de Servizos-Galicia